

ORDENANZA FISCAL NÚM. 6 :
REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE
ESTABLECEMENTOS.

Artigo 1º - Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por Licencia de Apertura de Establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, contendo as normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2º- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquer outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licencia de apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comenzo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquer alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, esta ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesana, da construción, comercial e de servicios que esta suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º - Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolve en calquer establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º - Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40.1 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria¹

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 6º. Tarifas²

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguintes tarifas

Superficie do establecemento	Parque empresarial	Resto municipio
Establecementos con superficie igual ou inferior a 100 m ²	500,00 €	250,00 €
Establecementos de 101 ata 250 m ²	1.000,00 €	500,00 €
Establecementos de 251 ata 500 m ²	1.500,00 €	750,00 €
Establecementos de 501 ata 1.000 m ²	4.500,00 €	2.250,00 €
Establecementos de 1.001 ata 5.000 m ²	7.500,00 €	3.750,00 €
Establecementos de 5.001 ata 10.000 m ²	15.000,00 €	7.500,00 €
Establecementos de 10.001 m ² en adiante	25.000,00 €	12.500,00 €

Estas tarifas sufrirán un incremento do 50% cando de traten de actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental

¹ modificado por acordo plenario do 25.09.09, de aplicación a partir do 01.01.2010

² modificado por acordo plenario do 25.09.09, de aplicación a partir do 01.01.2010

Artigo 7º. Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación na exacción da Taxa.

Artigo 8º. Devengo

1.- Devengarase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando a apertura tivese lugar sen ter obtido a oportuna licenzia, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fose autorizable dita apertura.

3.- A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en xeito algún, pola denegación da licenzia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenzia.

Artigo 9. Declaración

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenzia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenrolar no local, acompañada do contrato de alquiler ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera sinalado valor catastral, o precio de adquisición ou o custo de construción do mesmo, no seu caso.

2.- Se despois de formulada a solicitude de licenzia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenrolar no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións habrán de poñerse en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10. Liquidación e ingreso.

1.- Rematada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licenzia de apertura, practícarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

2.- Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuário ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practícarase unha liquidación provisional tomando como base impositivo o valor de adquisición ou, no seu caso, o custo de construción do referido local.

Unha vez fixado o valor catastral, practicarase a liquidación definitiva que proceda, da cota resultante, deducirase á provisional, ingresándose a diferenza nas Arcas Municipais ou devolvendo de oficio, se procedera, ó interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na súa redacción definitiva, en sesión celebrada o vintetres de novembro de mil novecentos noventa, entra en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e un, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.